

Montserrat DOUCET

O amor das meigas

É o vento sen fin,
o vento exacto do destino
taniscando os teus pasos na miña sombra.

E non hai nubes que lle precedan.
E non hai anxos sobre os beirís.
Nin fugaces, inesperadas fadas
que turren dos fios...

Só o bico, coa súa verdade mineral
pesa espido sobre os pálidos,
ata agora insubornables ósos
que tamén sosteñen as fronteiras do amor.

(De *Culpable de milagres*.
Traducción de Pura Salceda)

Verde

Todo está verde de tan alto.
Non hai outro canto que o ar sen fin.
Por enriba de praderías e frondes,
a neve retrocede cara ao azul.

Un horizonte de pedra e paxaros
preto do meu corazón...

É que todo está verde
verde aínda fronte ao pétreo destino
que voa e voa cara ao teu ser.

(De *Culpable de milagres*.
Traducción de Pura Salceda)

Regalado signo

A néboa tróuxome ás túas fiestras,
a este lado do vento e os seus espellos,
un día cando o tempo nos ollaba
percorridos por mares coma ronseis.
Neste corazón máis mortalla que voo,
antes chuvia e agora o seu reflexo.
Nubes coma presaxios de milagres
esquecendo os loitos do silencio.

Ai! da auga que sempre rompe pontes
lentamente sen fin como a ausencia,
baixando da neve a túa memoria.
Alta é a flor terrestre da túa sombra
nacendo do teu mundo cara á miña vida.

(De *Culpable de milagres*.
Traducción de Pura Salceda)